



# BOP

MARTES, 26 DE XANEIRO DE 2021

N.º 020

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

##### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

MONDOÑEDO.- Proxecto modificado Reparación e mellora de viais en Seivane, Estelo, Zoñán, Pumariño e Combarro, incluído honorarios.

EXPTE GTM: 2020/PES\_03/022725

A FONSAGRADA.- Proxecto modificado de actuacións de acondicionamento pista de Vilapiñol ao Fito, reposición de servizos na Rúa Os Chaos, apertura camino en Cereixido, rehabilitación de muro na Pobra de Burón e acondicionamento de camiños interiores en Moreira, por administración, incluído honorarios.

EXPTE GTM: 2020/PES\_03/021498

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 15 de xaneiro de 2021.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, P.S. O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0142

### CONCELLOS

#### A FONSAGRADA

##### *Anuncio*

Logo de aprobar definitivamente por resolución da Alcaldía número 2021-0008 con data do 18 de xaneiro do 2021 o expediente de aprobación do Plan Municipal de prevención de incendios publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o [Alcalde/Pleno] deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A Fonsagrada, 18 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0143

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía número 2021-0007, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2020, polo importe total de 12.094,92 € (dependencia) e 537,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 14 de xaneiro de 2021.- O Tenente de Alcalde, en substitución do Presidente da Corporación, Jose Ángel Fernández Carrín.

R. 0144

**MURAS***Anuncio***DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, o prezo/hora, a achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Novembro 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Novembro 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO-** Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Novembro 2020. O padrón correspondente ao mes de Novembro consta de 55 contribuíntes (18 de libre concorrencia e 37 de dependencia) e un importe total de 5.543,37 € (1.637,38 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.905,99 € persoas usuarias de dependencia).

**SEGUNDO-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**CUARTO-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

**QUINTO-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 23 de decembro de 2020.- Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 0145

**RIBADEO***Anuncio*

**Resolución de Alcaldía núm. 0815/2020 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir dous postos de Operarios de limpeza.**

Por Resolución de Alcaldía núm. 0815/2020 de data 16 de decembro de 2020, una vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento de:

<b>Identidade</b>	<b>DNI</b>
<b>Marcial Pardo Bello</b>	<b>76574449-C</b>
<b>Noé Fernández Pacio</b>	<b>33341495-M</b>

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Medio Ambiente
Ide. Posto	0714/3 e 0714/9/RPT
Denominación do posto	Operario limpeza
Natureza	Persoal laboral interino
Nomeamento	16/12/2020
Escala	Administración Especial Laboral
Subescala	Servizos Especiais laboral
Clase/Especialidade	Operario
Grupo/Subgrupo	AA/PP/E

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 7 de xaneiro de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0146